

## **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE LUVAS PARA O PERSOAL DA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, SA (SEAGA). CONCURSO ABERTO.**

### **1. OBXECTO**

O presente prego ten por obxecto establecer os requisitos que, con carácter de mínimos, deben cumprir as luvas a utilizar polo persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) na execución das distintas encomendas que lle faga a Consellería do Medio Rural, e en especial no dispositivo de reforzo do servizo de defensa contra os incendios forestais.

### **2. DESCRIPCIÓN DAS LUVAS**

#### **1. DEFINICION**

Prendas de protección persoal, elaboradas en coiro, destinadas a cubrir as mans (coa súa mesma forma) e como mínimo un terzo do antebrazo.

#### **2. UTILIZACION.**

Como parte do equipo persoal, para protección das mans contra feridas, erosións e rabuñaduras producidas por caídas, manexo de ferramentas ou por silvas e matogueira punzante durante os traballos de campo e extinción; así mesmo para o manexo e preparación de produtos retárdante que non deban estar en contacto prolongado coa pel.

### **3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)**

- a) As características do material obxecto da subministración supeditaránse ás Directivas Comunitarias sobre EPIs de acordo co Real Decreto 1.407 do 20 de novembro de 1.992. As luvas de extinción serán EPI de categoría II que cumpra especificamente as seguintes normas:

EN-420 Requisitos xerais para as luvas de protección

EN-388 Luvas de protección contra riscos mecánicos

EN-407 (2004) Luvas de protección para riscos térmicos.

- b) As luvas de extinción serán novas, de recente fabricación e elaboradas con materiais de primeira calidade.
- c) Dado que este material será utilizado en operacións preventivas e de extinción, en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan xunto á súa lixeireza e flexibilidade, unha elevada resistencia e duración.
- d) Coa oferta presentárase o Certificado de Exame CE de Tipo desta prenda para protección dos labores especificados no punto 2 “UTILIZACION” e un documento que indique a vida útil da prenda tanto cando está almacenada como cando se utilizou, así como o informe dos ensaios realizados para a obtención do Certificado de Exame CE de Tipo e unha mostra da subministración co correspondente folleto informativo (anexo III, Real Decreto 1.407 do 20 de novembro de 1.992). Toda esta documentación presentárase no sobre "B", tal como se indica no Prego de Cláusulas Administrativas.
- e) Acompañaranse as ofertas cunha mostra do material ofertado, que poderá ser sometida a ensaios destrutivos, se procede. Ditas mostras utilizaranse para a valoración técnica das ofertas presentadas, así como para a valoración dos criterios de adxudicación. Non se devolverán as mostras.

#### **4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.**

##### **4.1. MATERIAIS**

Tecido: as luvas estarán confeccionadas en pel de vacún curtida, valorarase que a pel teña tratamento de hidrofugado e siliconado, para proporcionar a maior impermeabilidade posible á luva. Permitirá a fácil transpiración da man, será suave ao tacto, e de gran flexibilidade para non dificultar o movemento dos dedos, nin anular totalmente a sensación de tacto. O manguito estará confeccionado en pel serrase de vacún.

Os dedos irán cubertos individualmente, e levará reforzo na área dos cotenos e na palma da man. Na zona do pulso poderá axustarse á mesma por medio dun cinguiro de fibela, elástico, por punteado de redución, etc.

A partir desta zona prolongarase un manguito ata cubrir como mínimo un terzo do antebrazo.

Levará pata de velcro ignífugo de axuste en puño.

Peso: <300 gr.

Cor: As luvas irán coloreadas en tonalidades amarelas, beixe ou pardo non escuro en toda a súa superficie.

Fío: A luva irá cosida con fío de gran resistencia, cos reforzos necesarios de dobre puntada nas zonas de maiores esforzos.

## SUXEICIÓN

As luvas poderán suxeitarse ao cinto, para o cal unha delas posuirá un mosquetón dunha lonxitude de 55 + 5 mm., cunha luz libre no enganche de >9 mm., e a outra unha anela de 20 + 2 mm. de diámetro interior, para tamén facelos solidarios; enganche e anela serán inoxidables.

## 5. TALLA

As tallas serán como mínimo 5 ( 7, 8, 9, 10 e 11), segundo as normas estándar do mercado para este tipo de prendas de traballo.

Establécense como medidas orientativas:

Longo: 350 mm.  $\pm$  10 mm

Largo: 160 mm.  $\pm$  5 mm

## 6. ETIQUETAS

Debe figurar unha etiqueta interior ou no seu caso levar grabado en indeleble exteriormente a seguinte información:

1º Nome do fabricante

2º Ano de fabricación

3º Talla.

4º Marcado CE

Analogamente ira outra etiqueta na que se dan instrucións de lavado, secado da prenda.

## **7. ANAGRAMAS**

Non se establecerá anagrama ou logotipo.

## **8. EMBALAXE**

Cada prenda irá aloxada nunha bolsa de plástico.

## **9.- ENTREGAS E SUSSTITUCIÓN**

### **9.1. ENTREGAS: CANTIDADE E CUSTES**

A Empresa Adxudicataria queda obrigada á entrega do mencionado equipamento nas Sedes Provinciais de SEAGA, coordinando con SEAGA a recepción do mesmo, con verificación personalizada "in situ".

Entregaranse sucesivamente, nas datas e cantidades que determine SEAGA de 1500 pares de luvas, no prazo establecido no contrato.

O orzamento de licitación, sen IVE incluído é de: TRINTA E DOUS MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS (32.775 €)

PREZO UNITARIO :21,85 €

Nº MÍNIMO UNIDADES: 1500

### **9.2. SUBSTITUCIÓN DE LUVAS DEFECTUOSAS**

Unha vez adxudicado a unha determinada empresa, en caso de que a maior parte das luvas sexan admitidas, en cada subministración, quedando algunha que non satisfaga o mínimo esixido, comunicaráselle ao provedor o defecto ou falta de calidade advertida, e se lle outorgará un prazo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



determinado para remitir novas luvas, coas carencias apuntadas corrixidas.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2008

O director-xerente de SEAGA, S.A.

Xan-Bautista Cambón Rodríguez